

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE ARTEIXO**

ANUNCIO de aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a creación dunha zona de equipamentos públicos en Vilarrodís (expediente 2019/U035/000002 (1/2017. PEDT).

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria que tivo lugar por medios telemáticos o xoves 30 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar definitivamente o Plan especial, coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes emitidos, isto é, o documento que tivo entrada o 21 de decembro de 2021 (7547) Plan especial de infraestruturas e dotacións para a creación dunha zona de equipamentos en Vilarrodís, suscrito polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira (datado en decembro de 2021), documento para aprobación definitiva, co documento que incorpora (número 2.7 da memoria informativa) o estudo da paisaxe elaborado de acordo co sinalado no artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008.

Segundo. Publicar a aprobación definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos do establecido no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Esta publicación deberase realizar no prazo dun mes desde a adopción da aprobación definitiva.

Igualmente, xunto coa publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan e a referencia ao enderezo electrónico no cal figurará o contido íntegro do plan ao dispor do público.

Terceiro. Comunicarlle o acordo de aprobación definitiva, en virtude do artigo 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, á consellería competente en materia de urbanismo, para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, achegando un exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado.

Cuarto. Notificarlles individualmente a aprobación definitiva do Plan especial a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados ás cales xa se lles notificou a súa



aprobación inicial, de conformidade co artigo 186.4 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Para os efectos do disposto no punto segundo da parte dispositiva deste acordo, a li-gazón en que se poderá consultar a documentación íntegra aprobada definitivamente é a seguinte: <https://sede.artexio.org/opencms/es/informacion/>

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pódese interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei do solo de Galicia e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo de dous meses que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito.

Arteixo, 14 de xaneiro de 2022

O alcalde
P.D. (Decreto 1513/2021, do 7.6.2021)
Luis Alberto Castro Calvete
Concelleiro delegado en materia de Urbanismo e Patrimonio

